

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 16 de setembro de 2015 pola que se autoriza a ampliación das ensinanzas plurilingües á etapa postobrigatoria de bacharelato para o curso 2015/16 nos centros pertencentes á Rede de centros plurilingües de Galicia.

De conformidade co establecido no artigo 16 da Orde desta consellería do 12 de maio de 2011 (DOG do 20 de maio), pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de centros plurilingües de Galicia, e no artigo 10 da Resolución do 22 de maio de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a convocatoria para a ampliación das ensinanzas plurilingües á etapa postobrigatoria de bacharelato para o curso 2015/16 nos centros pertencentes á Rede de centros plurilingües de Galicia, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro. Autorizar a ampliación das ensinanzas plurilingües á etapa postobrigatoria de bacharelato para o curso 2015/16 nos centros plurilingües que se relacionan no anexo desta orde.

Segundo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. De non consideraren oportuna a interposición do citado recurso, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2015

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria





DOG Núm. 201

Mércores, 21 de outubro de 2015

Páx. 40750

ANEXO
Centros autorizados

Cód. centro	Centro	Idioma	Materia	Observacóns	Curso	Ensinanza
15005221	IES Plurilingüe Eusebio da Guarda	Inglés	Educación Física		1º bacharelato	Bacharelato
15026121	IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas	Francés	Historia do Mundo Contemporáneo		1º bacharelato	Bacharelato
36011191	CPR Plurilingüe Montecastelo	Inglés	Historia do Mundo Contemporáneo		1º bacharelato	Bacharelato
			Física e Química		1º bacharelato	
36011831	CPR Plurilingüe Las Acacias	Inglés	Historia do Mundo Contemporáneo		1º bacharelato	Bacharelato